

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36007011	IES Pino Manso	O Porriño	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	7
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	7
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	9
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	9
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	10
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	11
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	13
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	14
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	15
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	16
o) Outros apartados	16

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia recolle, no seu artigo 7, os obxectivos xerais de etapa e nel regúlase:

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuindo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

O Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo de Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia recolle, tamén no artigo 7, os obxectivos xerais desta etapa e nel regúlase: O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles

permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde dunha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

Todos os obxectivos recollidos en ambos decretos potenciaranse para dar resposta á diversidade do alumnado do IES Pino Manso e, dese xeito, contemplar as diferenzas culturais (incluíndo as relativas á súa procedencia e ao ámbito familiar), as económicas-sociais e de xénero, ademais das necesidades educativas especiais e de apoio educativo rexistradas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

1. As competencias clave estarán integradas nas diferentes materias impartidas no IES Pino Manso, e nelas definiranse, explicitaranse e desenvolveranse suficientemente os resultados de aprendizaxe que o noso alumnado debe conseguir.

2. Todas as materias do currículo deben participar, dende o seu ámbito, no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado e así recollerase nas correspondentes programacións didácticas.

3. O perfil competencial do alumnado será achado de acordo co peso que os obxectivos de cada materia teñen nas competencias clave a través dos descritores operativos de cada etapa.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

C.1. Criterios para o desenvolvemento dos diferentes plans/proxectos contemplados.

- Plan de biblioteca, Plan anual de lectura e Proxecto lector.

No plan de biblioteca concretaranse as actuacións para promover este espazo como centro de referencia de recursos de lectura, da información e da aprendizaxe. O plan de biblioteca será o instrumento de apoio do Plan anual de lectura e proxecto lector, nos cales se deseñarán as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, tratamento e na produción de información.

- Plan dixital.

De acordo co reflectido na memoria do curso anterior, o plan dixital recuperará aquelas liñas que non se desenvolveron suficientemente; incorporará, cando menos, unha nova liña de actuación e deseñará a formación para a acreditación da competencia dixital docente.

- Plan de actividades físicas e hábitos saudables.

O plan de actividades físicas e hábitos saudables promoverá a práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.

O deseño, coordinación e supervisión das medidas que se adopten serán asumidas polo departamento de E. Física.

- Proxecto lingüístico de centro.

Segundo marcan os citados decretos de currículo, no proxecto lingüístico de centro abordaranse as medidas para desenvolver un tratamento integrado de todas as linguas de oferta educativa no centro. Estas medidas incluírán acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas impartidas, acordos sobre terminoloxía que se vaia empregar e o tratamento que se lle dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas.

Así mesmo, no Plan de Convivencia e no Plan de Acción Titorial realizaranse as modificacións oportunas para incorporar os principios pedagóxicos e os elementos transversais derivados do desenvolvemento da LOMLOE.

C2. Principios pedagóxicos na ESO.

Referido á ESO, nas programacións didácticas:

1. Artellaranse os métodos necesarios para a prevención de dificultades, atención aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe e posta en marcha de mecanismos de reforzo e, en xeral, todas aquelas metodoloxías que faciliten o desenvolvemento do DUA.

2. Explicitaranse, de acordo coas directrices marcadas polo correspondente departamento, os indicadores de desempeño mínimo de cada materia.

3. Adaptaranse as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe recollidos no currículo de cada materia.

4. Recollerase que se incorporará un tempo de lectura nos seguintes termos:

Cada docente abordará a comprensión lectora na súa clase. As actividades que se realicen para o desenvolvemento desta habilidade arquivaranse como material fornecedor de experiencias para outras clases e tamén para deixar constancia da súa abordaxe.

1. Recollerase o tempo e o xeito que nas materias se vai dedicar á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e/ou á resolución colaborativa de problemas, co obxectivo de fomentar a integración das competencias.

A través da aplicación da metodoloxía da Aprendizaxe Cooperativa, desenvolveranse actividades que teñan un carácter interdisciplinar. Estas actividades serán propostas polos departamentos na CCP e arquivadas posteriormente para fornecer de experiencias nun futuro e para deixar constancia da súa abordaxe.

1. Indicarase, de xeito explícito, como se vai abordar a práctica da oratoria dentro de cada materia. Entre outras actuacións, recollerase a posibilidade de que o alumnado participe en “ligas de debate” ou se promocióne esta disciplina en talleres específicos coma os de creación de regueifas.

C3. Principios pedagóxicos no Bacharelato.

Referido ao Bacharelato, nas programacións didácticas:

1. Recolleranse as propostas pedagóxicas para todo o alumnado respectando a súa diversidade. Estas deberán favorecer o traballo individual e en grupo.

2. Explicitarase o uso das TICs como ferramenta de aprendizaxe.

3. Artellarase como se van estimular as habilidades de comprensión lectora e de uso da información, de expresión escrita e de se expresar correctamente en público.

C4. Incorporación dos elementos transversais.

Tal e como se anunciou en puntos anteriores, nas diferentes programacións explicitarase o tratamento da comprensión lectora, pero tamén da comunicación audiovisual, da competencia dixital, do emprendemento social e empresarial, do fomento do espírito crítico e científico, da educación emocional e en valores, da igualdade de xénero e de valores.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

As metodoloxías que se empreguen nas aulas do IES Pino Manso deberán dar resposta á diversidade do alumnado existente; estas non poderán basearse única e exclusivamente nas de natureza transmisiva.

De acordo coa tradición do IES Pino Manso, a Aprendizaxe Cooperativa e a Aprendizaxe Baseada en Proxectos son as liñas metodolóxicas que en anos anteriores se puxeron en práctica e, sen desbotar outras, son as de máis doada aplicación. Ambas redundan no desenvolvemento do DUA e tamén poden ser empregadas para abordar o compoñente emocional dos procesos de ensino-aprendizaxe.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O IES Pino Manso está adherido ao programa E-Dixgal; esta circunstancia favorece, na ESO, que ademais, dos materiais que a plataforma fornece, o propio profesorado poida -e deba completalo- naqueles descritores que considere insuficientemente desenvolvidos. A posibilidade de que o alumnado conte co seu propio convertible facilitará o deseño de actividades máis personalizadas naqueles casos que se estime necesario acceder a fontes multimodais de información.

O alumnado de FP Básica tamén dispón na aula de ordenadores. Se o profesorado o considera oportuno, poderá empregar libros de texto como apoio para a súa actividade docente; con todo, a natureza do alumnado que se deriva para esta formación -ademais dos módulos profesionais que deben de cursar- demandan un tipo de actividades máis prácticas e consolidadoras de coñecementos que favorezan unha aprendizaxe centrada na acción e o uso das TICs. Cómpre tamén que o profesorado deste nivel -e pola natureza da FP Básica impartida no IES Pino Manso- estea vixiante respecto á existencia de recursos tecnolóxicos nos fogares do devandito alumnado, unha preocupación xa recollida no Plan dixital do centro.

O anterior condicionante tamén cómpre que se observe para o alumnado de Bacharelato, por un dobre motivo: o carácter posobrigatorio desta etapa, ponte para outros estudos superiores, e tamén porque son os únicos discentes do IES Pino Manso que non dispoñen de ordenadores de uso persoal na aula. A aula virtual, os libros de texto e os dispositivos móbiles serán os recursos empregables co alumnado de Bacharelato.

Un recurso do cal se beneficia tanto o profesorado coma o alumnado é a Biblioteca; neste espazo, ademais de préstamo de libros e de recursos audiovisuais, impártanse clases e desenvólvense actividades nas que se dan resposta a moitos dos elementos transversais que se rexistran no currículo de Secundaria e Bacharelato.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

A oferta educativa do IES Pino Manso é a seguinte:

PRIMEIRO DE ESO.

Entre as materias comúns, o alumnado pode escoller: Inglés ou Francés como primeiro idioma. Ademais das materias comúns poden cursar: Relixión ou Proxecto Competencial. Nas dúas horas de libre disposición, impártense: Lingua Española e Literatura e Matemáticas.

SEGUNDO DE ESO.

Entre as materias comúns, o alumnado pode escoller: Inglés ou Francés como primeiro idioma. Ademais das materias comúns poden cursar: Relixión ou Proxecto Competencial. Nas dúas horas de libre disposición, impártense: Lingua Galega e Literatura e Matemáticas.

TERCEIRO DE ESO.

Ademais das materias comúns, o alumnado pode escoller: Segunda Lingua Estranxeira (Inglés ou Francés); Relixión ou Proxecto Competencial; Cultura Clásica, Oratoria, Educación Dixital e Cultura Financieira.

CUARTO DE ESO.

Ademais das materias comúns, o alumnado pode escoller entre, Matemáticas A e Matemáticas B; Relixión ou Proxecto Competencial; tamén debe elixir tres entre as seguintes materias de opción: Bioloxía e Xeoloxía, Dixitalización, Economía e Emprendemento, Expresión Artística, Física e Química, Formación e Orientación Persoal e Profesional, Latín, Música, Segunda Lingua Estranxeira e Tecnoloxía. E unha de entre as seguintes optativas: Cultura Clásica, Filosofía, Intelixencia Artificial para a Sociedade, Oratoria ou unha das materias de opción.

FP BÁSICA I. Informática de Oficina.

O alumnado cursará as seguintes materias: Ámbito das Ciencias Aplicadas I; Ámbito da Comunicación e Sociedade I; módulo de Montaxe e Mantemento de Sistemas Informáticos; Módulo de Ofimática e Arquivamento de documentos.

FP BÁSICA II. Informática de Oficina.

O alumnado cursará as seguintes materias: Ámbito das Ciencias Aplicadas II; Ámbito da Comunicación e Sociedade II; Módulo de Instalación e Mantemento de Redes para a transmisión de datos; Módulo de operacións auxiliares para a configuración e para a explotación; Módulo de Formación en Centros de traballo.

PRIMEIRO DE BACHARELATO.

Ademais, das materias comúns, o alumnado de Primeiro de Bacharelato escollerá entre as seguintes materias segundo a modalidade elixida:

A modalidade de Ciencias e Tecnoloxía, ademais da específica obrigatoria Matemáticas I, o alumnado pode cursar as seguintes materias específica de opción: Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais, Debuxo Técnico I, Física e Química, Tecnoloxía e Enxeñería I.

Na modalidade de Humanidades e C. Sociais, o alumnado ten que cursar como materias específicas obrigatorias ou ben Latín I ou ben Matemáticas Aplicadas á Ciencias Sociais I. A maiores, entre as materias específicas de opción pode escoller: Economía, Grego I, Historia do Mundo Contemporáneo, Latín I, Literatura Universal.

As optativas para ambas opcións que se ofertan no IES Pino Manso son: Linguaxe e Práctica Musical, Anatomía Aplicada, Antropoloxía, Cultura Científica, Debuxo Artístico I, Literatura do século XX e da Actualidade, Segunda Lingua Estranxeira, Tecnoloxías da Información e da Comunicación I.

Na hora de libre disposición de centro para aquel alumnado que non cursa Relixión, o alumnado pode recibir reforzo nas seguintes materias: Lingua Castelá e Literatura I; Lingua Estranxeira I, Inglés; Lingua Galega e Literatura I; Matemáticas I; Latín I; Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I.

SEGUNDO DE BACHARELATO.

Ademais das materias comúns, o alumnado de Segundo de Bacharelato, poderá escoller entre as seguintes materias segundo a modalidade elixida:

A modalidade de Ciencias e Tecnoloxía, ademais de escoller entre a específica obrigatoria Matemáticas II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, o alumnado pode cursar dúas

das seguintes materias específicas de opción: Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais, Debuxo Técnico II, Física, Química e Tecnoloxía e Enxeñería II.

Na modalidade de Humanidades e C. Sociais, o alumnado ten que cursar como materias específicas obrigatorias ou ben Latín II ou ben Matemáticas Aplicadas á Ciencias Sociais II. A maiores, pode escoller dúas entre as materias específicas de opción: Empresa e Deseño de Modelos de Negocio, Grego II, Historia da Arte, Xeografía, Latín II e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.

As optativas para ambas opcións que se ofertan no IES Pino Manso son: Historia da Música e a Danza, Debuxo Artístico II, Segunda Lingua Estranxeira II, Psicoloxía, Métodos estatísticos e numéricos, Tecnoloxías da Información e da Comunicación II, Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia ou unha materia específica de opción da modalidade escollida non cursada. Na hora de libre disposición de centro para aquel alumnado que non cursa Relixión, o alumnado pode recibir reforzo nas seguintes materias: Lingua Castelá e Literatura II; Lingua Estranxeira II, Inglés; Lingua Galega e Literatura II; Matemáticas II; Latín II; Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.

Para o Bacharelato, o IES Pino Manso establecerá, de ser o caso, agrupacións en itinerarios das materias específicas da modalidade elixida e das materias optativas orientadas aos diversos campos das ensinanzas superiores.

Para poder selecciónalas, o alumnado marcará no documento de formalización de matrícula as materias de opción e optativas por orde de preferencia. Esta preselección só se virá limitada no caso de que non se cumpra o número mínimo de alumnado requirido pola Administración para a formación de grupos.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias que se leven a cabo no IES Pino Manso vincularanse aos elementos transversais do currículo e aos diferentes programas e plans solicitados polo centro (Contratos programa, PLAMBE, Plan Proxecta, Plan de Igualdade...).

As devanditas actividades serán propostas polos departamentos e coordinadas pola Vicedirección do centro. Na súa posta en práctica buscarase que todos os grupos e niveis leven a cabo un número parello delas.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Cómpre diferenciar os criterios que se van aplicar para ESO do de Bacharelato.

Na ESO, o Plan de reforzo das materias pendentes está regulado no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021. Deste artigo salientamos:

1. Destino: é un plan destinado á recuperación e á superación das materias pendentes.
2. Elaboración:

1. Será elaborado polo profesorado que imparte a materia ao alumnado que teña materia pendente do curso anterior, baixo as directrices do departamento e co coñecemento do profesorado titor.

2. Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das

competencias.

3. Adaptarase ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios.

4. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

1. Incluirá, cando menos, os seguintes apartados:

1. Identificación da alumna ou do alumno.
2. Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
3. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
5. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
6. Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
7. Seguimento e avaliación.
8. Acreditación da información á familia

Deste plan realizarase un seguimento durante as sesións de avaliación.

Outras directrices que coidamos se deben incorporar a este plan no deseño das actividades propostas son as seguintes:

1. Potenciarán a autoavaliación.
2. Estarán precedidas da clarificación do vocabulario clave.
3. Serán graduadas na súa complexidade.
4. Compartirase co co alumno/a o que se espera que aprenda.

Por último, consideramos fundamental que o alumno/a coñeza os criterios de avaliación

No caso de Bacharelato para a recuperación de materias pendentes, contémpanse tres opcións:

1. Desenvolvemento dun traballo monográfico de investigación no que demostre a súa competencia sobre a materia.
2. Presentación ás probas escritas de recuperación -dúas parciais e unha final- segundo o calendario aprobado polo claustro de profesorado.
3. Realización dun boletín de actividades que computará, na medida en que o departamento estime oportuno, un tanto por cento da cualificación final. Ademais, este alumno/a coa materia pendente deberá presentarse a dúas probas escritas parciais de recuperación e unha final citadas no punto anterior.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

O artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

Este plan elaboraráo o equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor e desenvolverase ao longo de todo o curso; en cada sesión de avaliación realizarase un seguimento do devandito plan e, de ser necesario, levaranse a cabo os axustes que proceda. Na última sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento..

O devandito Plan específico personalizado debe incluír:

1. Identificación da alumna ou do alumno.
2. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
3. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
5. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
6. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
7. Acreditación da información á familia.

As directrices de carácter metodolóxico que coidamos se deben incorporar e aplicar neste plan, as cales beneficiarán a superación das dificultades deste tipo de alumnado, son as seguintes:

1. Trataranse de activar os coñecementos previos.
2. Rematarase a clase desenvolvendo unha breve recapitulación do traballado e unha pequena presentación do que se vai abordar na próxima sesión.
3. Favorecerase o traballo individual, pero tamén o de equipo no caso de que o profesorado opte por aplicar a metodoloxía de Aprendizaxe Cooperativa.
4. Fomentarase a conexión entre varias materias.
5. Amosaránselle estratexias mnemotécnicas.
6. Empregaranse estratexias que os/as axuden a xestionar o tempo.
7. Utilizarase unha linguaxe clara e sinxela.
8. Potenciarase o feedback positivo.
9. Informaráselles do que se espera que aprendan.
10. Manterase unha comunicación fluída coa familia do alumno/a para informala das incidencias que se consideren relevantes.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

O alumnado será avaliado de acordo cos criterios recollidos no currículo da materia e na programación correspondente. Destes criterios serán informados tanto o alumnado coma as familias segundo os procedementos recollidos nas NOF do IES Pino Manso.

Criterios para a promoción na ESO.

Recóllese integramente o regulado nos artigos 8.1 e 8.2 da Orde do 25 de xaneiro de 2022:

Artigo 8.1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá obre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

Artigo 8.2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias con avaliación negativa non sexa

superior a dez. Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Engádesse a seguinte indicación: para que un alumno/a repita na ESO debe constar a aplicación das medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe. Estas medidas deben ser rexistradas nos documentos de avaliación do/a alumno/a e comunicadas ás familias antes de propoñer a súa repetición.

Criterios para a promoción no Bacharelato:

Recóllese integramente o regulado no artigo 14.2. da Orde do 25 de xaneiro de 2022:

Artigo 14.2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

Criterios para a titulación na ESO:

Recóllese integramente o regulado na Orde do 25 de xaneiro de 2022, nos artigos 10.1, 10.2 e aclárase e inclúese o referido no artigo 7.2:

Artigo 10.1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

Artigo 10.2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Artigo 7.2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

Criterios para a titulación no Bacharelato

Recóllese integramente o regulado na Orde do 25 de xaneiro de 2022, nos artigos 15.1, 15.2 e 15.3.

Artigo 15.1. 1 O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

Artigo 15. 2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Artigo 15.3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de

bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

Acórdase regular o Artigo 15.3.b.

Para efectos de titulación en Bacharelato cunha materia suspensa enténdese por inasistencia inxustificada aquela que o alumno non acredita con documentos oficiais a súa non asistencia a clase.

Para efectos de titulación en Bacharelato cunha materia suspensa enténdese por inasistencia continuada cando o alumno falte inxustificadamente a clase un 15% do horario lectivo da materia obxecto de avaliación negativa.

Acórdase regular o artigo 15.3.c.

Se un alumno/a non pode asistir á proba extraordinaria por motivos de saúde, presentará un xustificante médico e realizaráselle a proba en calquera momento anterior á sesión de avaliación correspondente.

Cráterios para a titulación na FP Básica:

Recóllese integramente o regulado na Orde do 25 de xaneiro de 2022, no artigo 11:

A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Matrículas de honra na ESO:

Recóllese o regulado na Orde do 25 de xaneiro de 2022, no artigo 12.1: As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

Para desenvolver o artigo 12.3, os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos; no caso dunha mesma media en 4º da ESO, desempatarase do seguinte xeito:

1. Contrastarase a media ponderada das cualificacións das materias de 4º de ESO de acordo co número de horas.
2. De persistir o empate, o desempate efectuarase por sorteo.

Matrículas de honra no Bacharelato:

Recóllese o regulado na Orde do 25 de xaneiro de 2022, no artigo 18.1: o alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

Para desenvolver o artigo 18.3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos; no caso dunha mesma media en 2º de Bacharelato, desempatarase do seguinte xeito:

1. Obterase a cualificación media de todo o Bacharelato.
2. De persistir, contrastaranse a media ponderada das cualificacións de materias de 2º de Bacharelato de acordo o seu número de horas.
3. De persistir, contrastaranse a media ponderada das cualificacións de materias de 1º de Bacharelato de acordo o seu número de horas.
4. No hipotético caso de que persista o empate, o desempate efectuarase por sorteo.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

O profesorado do IES Pino Manso, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos desenvolverá o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia que teña encomendada na organización docente do centro.

As programacións didácticas deseñaranse na aplicación informática PROENS. Estas contarán cos seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.
- d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación ou criterios de valoración, no caso de educación infantil.
 - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, no caso da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
 - Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversal.
 - Concreción dos elementos transversais.
 - Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
 - Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Nas diferentes reunións de departamento iranse introducindo modificacións nas programacións didácticas que se posteriormente se recollerán na Memoria final de curso; estas modificacións serán a base dos cambios que se introduzan nas programacións dos anos vindeiros. Con todo, unha guía que pode servir para reflexionar e avaliar a pertinencia das programacións abranguerían os seguintes ítem:

- Ámbito da avaliación:
 - Revisión da vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias naqueles subcriterios que foron incrementados ao currículo..
 - Validez dos instrumentos de avaliación empregados.
- Ámbito da metodoloxía:
 - Adecuación da metodoloxía empregada aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.
 - Materiais didácticos e recursos:
 - Valoración da adecuada resposta á diversidade do alumnado.
 - Adecuación da distribución temporal dos materiais didácticos e recursos empregados.
 - Ámbito das actividades complementarias e extraescolares:
 - Análise do grao de cumprimento dos obxectivos perseguidos.
 - Análise do grao de eficacia no desenvolvemento das actividades programadas.
 - Ámbito dos elementos transversais:
 - Valoración da necesidade de introducir algunha modificación no tratamento dos elementos transversais abordados.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O centro vén participando nos seguintes proxectos:

- Plan Proxecta.
- Contratos programa (liñas: Edu-Innova, INCLÚE-T, IGUÁLA-T, EMOCIÓN-T, CONVÍVE-T).
- PLAMBE.

Todas estes plans e proxectos adoitan complementarse con formación do profesorado a través do Centro de Formación de Recursos.

Sen embargo, as necesidades de formación e de participación en novos plans/programas son opcións abertas que as propias dinámicas do centro as van demandando. Estas necesidades poden ser manifestadas polas seguintes entidades:

- Departamento de Orientación.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Claustro.
- Familias.
- Administración educativa.

A necesidade da súa incorporación será recollida na memoria do Plan Xeral Anual.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

En primeiro lugar, a concreción curricular do IES Pino Manso será revisada e modificada cando as modificacións legislativas así o requiran. Na memoria final da PXA recolleranse as necesidades da súa modificación. Anualmente, tamén se realizará, de acordo cos ítem que se expoñen a continuación, a súa avaliación:

- Correcta adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.
 - Correcto deseño da contribución das diferentes materias, ámbitos e/ou módulos á adquisición das competencias.
 - Correcto deseño dos criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar elementos transversais.
 - Correcto deseño dos criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.
 - Correcto deseño dos criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.
 - Correcto deseño dos criterios de oferta educativa, agrupamentos en ámbitos, itinerarios e optatividade, de ser o caso.
 - Correcto deseño dos criterios para o deseño das actividades complementarias.
 - Correcto deseño dos criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.
 - Correcto deseño dos criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso.
 - Correcto deseño dos criterios xerais para a avaliación e, de ser o caso, a promoción e a titulación.
 - Correcto deseño dos criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra ou mencións honoríficas, de ser o caso.
 - Correcto deseño das decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.
 - Correcto deseño dos criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.
 - Correcto deseño do procedemento para a revisión, a avaliación e a modificación da concreción curricular.

o) Outros apartados

1. Sen título

Non se contemplan outros apartados